

Cerdedo, 19 de abril de 2010

Estimad@s veciñ@s:

Por medio da presente teño a ben comunicarlles que a mediados da semana pasada completouse a instalación dos postes repetidores da Televisión Dixital Terreste (TDT) que dan cobertura no ámbito territorial do Concello de Cerdedo.

Polo tanto deberán orientar debidamente as súas antenas receptoras do sinal cara os postes emisores de Pedrouzos (Monte Vilar) ou Carballás (Falda do Monte Seixo). Nalgúns lugares tamén se recibe o sinal directamente dende o monte Pedroso (Santiago) ou Domaio (Vigo); así mesmo deberán comprobar debidamente a instalación completa, xunto coas tomas da antena dentro do seu domicilio, xa que é suficiente que o cable coaxial de antena non sexa o adecuado, ou que algunha das tomas estea oxidada ou faga mala conexión, para que non se vexa en condicións óptimas todas as cadenas da TV.

Unha vez feitas todas as comprobacións técnicas se aínda non reciben o sinal completo ou non sintonizan todos os canais de TV dixital, deberán chamar a un instalador autorizado pola Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia, o cal ten que acreditar que tanto a instalación coma a configuración dos equipos é a correcta pero que están en zona de sombra por non recibir o sinal dos postes anteriormente indicados; e posteriormente tramitar diante deste mesmo organismo os equipos de recepción vía satélite, mediante a instalación da antena parabólica individual, con custo aproximado de 350 € por vivenda.

Non obstante dende o Concello coñecedores da dificultade na xestión e tramitación deste sistema, ofrecémoslle a posibilidade de que si queren estes trámites e a súa xestión correspondente, realizaríase desde o Concello, para o cal é conveniente que nos lugares que haxa dificultade na recepción do TDT se poñan todos de acordo e nolo comuniquen, para convocalos a unha reunión explicativa.

Para calquera información poden chamar os teléfonos 986 75 30 06 ou 986 75 30 54 en horario de 9:00 a 14:30 horas.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo.

Asdo.: Silvestre José Balseiros Guinarte
Alcalde-Presidente do Concello de Cerdedo